



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes
Expediente: 2019000003586

RESOLUCIÓN Nº 26974/2019 POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2019-ÁREA DE ILUSTRACIÓN E BANDA DESEÑADA

Don XOSÉ REGUEIRA VARELA, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña:

Por resolución da presidencia n.º 23949, do 10 de xullo de 2019, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos 2019-Área ilustración e banda deseñada e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se for o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Visto que no dito prazo a persoa proposta como titular presentou a renuncia á bolsa.

Visto que nesta área non se nomearan suplentes.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO:

1.- Aceptar a renuncia á bolsa da área de ilustración e banda deseñada durante o ano 2019, presentada por Raquel Germade Rey e, xa que logo, **declarar desertas** as Bolsas para o perfeccionamento de estudos artísticos 2019, nesta área.

2.- Dispor que o importe da dita bolsa incrementa o que corresponde a área de teatro e interpretación escénica.

3.- Minorar o documento contable A, operación n.º 220190014224 na cantidade de 18.000 €, e o seu documento contable RC, operación n.º 220190004059, deixando o crédito en dispoñible na aplicación orzamentaria 0612/3262/481.

4.- Publicar a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán optar por interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña, dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo. No seu caso, poderá interpoñer directamente recurso

contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, e de conformidade co establecido no art. 46.4 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. No entanto, se o considera conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.